

A LIÑA DO HORIZONTE

“E esquece que soñaches/ porque, cando despertes, / non volverás facelo por toda a eternidade”, así se expresa o eu poético de *Dársenas do ocaso* no “Envío” que introduce ó lector neste poemario avalado polo Premio Caixanova 2002 -na súa primeira edición- e tamén polo Premio da Crítica Española. Ademais, *Dársenas do ocaso* supón o reencontro co verso de Xavier Seoane e inicia un novo espazo para a nosa lírica: a colección Arte de Trobar editada polo PEN Clube. Composto por tres libros, o volume lévanos a unha terra inconcreta onde a Esperanza non existe e o ser humano debe enfrontar as grandes preguntas existenciais. Así, o Libro Primeiro -titulado tamén “Dársenas do ocaso”- comeza cunha declaración de intencións onde o eu, identificándose cunha gaivota errante, explica que *“tamén eu ando a procurar/ algo da luz posible alén das nubes brancas”* e que, como ela, *“comprendo a realidade e o destino/ do que interroga a vida e indaga nas palabras”*. A partir de aquí, cuestiónanse os misterios dunha vida xa crepuscular, situada no ocaso da súa propia existencia e que se identifica con eses portos, decadentes e abandonados, *“comestos da soidade e o silencio das sombras”* que o eu percorre. Porén, mirando entrar ó peirao os grandes barcos, erráticos como o propio ser, aínda é posible imaxinar os miles de aventuras que estes gardan nos seus cadernos de bitácora. Co peso das Ítacas orixinarias nas súas velas, e coa saudade de non regresar ó porto de partida, estas naves deixan un rastro efémero pois, cando o barco atraca, *“nada queda no mar / da fendida memoria das aves e dos homes”* como pasa co ser humano perdido na procura das súas propias pegadas sobre o entorno que habita. A beleza inmensa dos veleiros esperta no eu un sentimento agri doce que se vincula ó desexo de perdurar e á imposibilidade de facelo.

Nunha volta de torniqueta, o Libro Segundo -“Do sosego e do lar”- sitúase no outono pero nun espazo interior onde os obxectos se converten en custodios da propia memoria do ser que os observa como se for a vez primeira que os ve. Agora todo é penumbra, silencio, recordo saudoso para os que xa non están -sobre todo, a nai- e o eu recrimínase a si mesmo porque *“Algún día/ chegarás á túa casa/ e non acharás nada do que amabas”*. E, tras da visita á casa natal, o Libro Terceiro -“Da aventura e da viaxe”- expresa o desexo último de seguir, malia todo, sulcando mares para saborear a aventura que nos vivifica, de ir sempre á procura dun horizonte sen fin que nos permita esquecer a finitude e enganarnos pensando que o eterno é posible. O ambiente mariñeiro volve así ós poemas pero, contra do que pasaba no Libro Primeiro, agora o barco non se observa desde o peirao senón que o eu se fai grumete e agarda con impaciencia a hora de partir nunha singradura física pero tamén cultural como o

demostra o feito de que se recorda nos poemas ás figuras míticas da historia (Breogán, Friedrich, Lady Stanhope) e tamén da nosa literatura (Rosalía, o Batallón Literario, Curros...). Polo tanto, *Dársenas do ocaso* vén ser o testamento dun ser desposuído doutro legado que non sexan as súas propias preguntas existenciais, de quen asume a derrota de saber que *“abres os ollos... / Todo é mentira, agás o soño. //* ... *Cérralos. / E só hai horizonte”*.

TERESA SEARA

Tempos Novos, 74, xullo 2003, p. 82